



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002412

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. Aprobación da concesión provisional de axudas. Subvención para entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025.

ANTECEDENTES

1. Bases reguladoras da convocatoria de «Subvención para entidades deportivas do Concello de Sada para o ano 2025», publicadas no BOP da Coruña núm. 220 do 17.11.2025.
2. Requirimentos de emenda ás entidades que presentaron solicitudes incompletas, conforme o establecido na base reguladora 8, notificada e respondida electronicamente dentro do prazo de 10 días hábiles.
3. Acta co resultado da Comisión de Valoración descrita na base reguladora 8, nomeada mediante o decreto de alcaldía 2312/2025 do 23.12.2025, reunida na data do 26.12.2025 para aplicar os criterios de valoración establecidos para esta convocatoria, coas seguintes conclusións que se reproducen literalmente:
 - a. “Rexeitar a solicitude do Club Os Navegantes de Sada, con NIF G72783954, por presentar a súa solicitude fóra de prazo.
 - b. Admitir as solicitudes recollidas na *Táboa 1* e establecer a puntuación de valoración descrita.
 - c. Proponer os importes de subvención correspondentes a cada solicitude admitida, co resultado recollido na *Táboa 2*. O orzamento da convocatoria é suficiente para atender o importe total de axudas proposto”.
4. Informe de fiscalización da fase D do 29.12.2025, que fiscaliza de conformidade a concesión das subvencións e a disposición do gasto por importe total de 80.000,00 euros, sinalando a competencia da alcaldía ao non superar o importe de ningún dos gastos os 12.000 euros.

Tendo en conta as solicitudes admitidas a trámite, completadas coa documentación aportada, no seu caso, como resposta aos requirimentos de emenda, considerando a proposta da Comisión de Valoración e o informe de fiscalización da Intervención Municipal, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobación da relación de solicitudes aceptadas, que figuran na táboa do ANEXO I, coa puntuación obtida despois de aplicar os criterios de valoración das bases reguladoras.

Segundo.- Aprobación da concesión provisional das axudas correspondentes, segundo a relación recollida no ANEXO II, a favor das beneficiarias propostas como resultado de aplicar os criterios establecidos nesta convocatoria, recollendo o importe total de axuda.

Terceiro.- Rexeitar a solicitude do Club Os Navegantes de Sada, con NIF G72783954, por ser presentada con posterioridade ao peche do prazo de solicitude.

Cuarto.- Abrir un prazo de 10 días hábiles segundo establece a base reguladora 8, a contar dende o seguinte ao da notificación deste decreto, para que as entidades interesadas poidan presentar alegacións a través do rexistro municipal, ou ben expresar a aceptación ou rexeitamento da axuda.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Quinto.- Elevar automaticamente a definitiva esta proposta no caso de que non se reciban alegacións por parte das entidades interesadas. De darse este caso, a proposta poría fin á vía administrativa e as persoas xurídicas afectadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. En caso de interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, as interesadas poderán exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

ANEXOS

ANEXO I – solicitudes admitidas e puntuacións obtidas:

EXPEDIENTE NÚM:	ENTIDADE/NIF	PUNTUACIÓNS						
		NÚM. LICENZAS	DEPORTE BASE	DEPORTE FEMININO	DEPORTE INCLUSIVO	ANTIGÜIDAD E	NIVEL COMPETICIÓN	TOTAL
2025/A003/000142	CLUB TAEKWONDO SADA G15777865	30	15	3	0	8	18	74
2025/A003/000145	CARNOEDO C.F. G15275985	15	10	1	0	8	5	39
2025/A003/000147	CLUB RACING SADA C.F. G16952400	4	0	0	0	2	2	8
2025/A003/000152	CLUB SADA C.F. G70593249	30	15	0	0	4	3	52
2025/A003/000156	CLUB ALAMAR SADA G70492301	15	10	2	0	4	8	39
2025/A003/000171	CLUB NÁUTICO DE SADA G15342074	4	0	2	0	8	8	22
2025/A003/000172	CLUB SALVAMENTO SADA G70076583	15	12	4	0	8	16	55
2025/A003/000173	CLUB XIMNASIA SADA TEMPO G70272794	20	15	5	0	6	3	49
2025/A003/000174	CLUB BALONCESTO GOLFIÑOS DE SADA G70513197	30	15	2	0	4	5	56
2025/A003/000175	CLUB SADA PATÍN G15864929	10	10	3	0	8	16	47
2025/A003/000187	CLUB SADA C.F. A NOSA VIÑA G70501242	4	0	0	0	2	2	8



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

2025/A003/000188	CLUB ATLETISMO SADA G15588296	30	15	3	1	6	16	71
PUNTUACIÓN TOTAL:								520

ANEXO II – importes de axuda concedidas provisionalmente:

EXPEDIENTE NÚM:	ENTIDADE/NIF	NIF	PUNTUACIÓN	IMPORTE AXUDAS (€):
2025/A003/000142	CLUB TAEKWONDO SADA	G15277865	74	11.384,61
2025/A003/000145	CARNOEDO C.F.	G15275985	39	6.000,00
2025/A003/000147	CLUB RACING SADA C.F.	G16952400	8	1.230,77
2025/A003/000152	CLUB SADA C.F.	G70593249	52	8.000,00
2025/A003/000156	CLUB ALAMAR SADA	G70492301	39	6.000,00
2025/A003/000171	CLUB NÁUTICO DE SADA	G15342074	22	3.384,62
2025/A003/000172	CLUB SALVAMENTO SADA	G70076583	55	8.461,54
2025/A003/000173	CLUB XIMNASIA SADA TEMPO	G70272794	49	7.538,46
2025/A003/000174	CLUB BALONCESTO GOLFIÑOS DE SADA	G70513197	56	8.615,38
2025/A003/000175	CLUB SADA PATÍN	G15864929	47	7.230,77
2025/A003/000187	CLUB SADA C.F. A NOSA VIÑA	G70501242	8	1.230,77
2025/A003/000188	CLUB ATLETISMO SADA	G15588296	71	10.923,08
TOTALS:			520	80.000,00

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.